






Hogaño no hay más que peregrinos de arte

REFLEXIÓN. — El humorismo socarrón de Alfonso R. Castelao, en este bello dibujo, — que es un magistral esbozo del Pórtico de la Gloria, — lamenta, sonriendo, que ya no vayan a Compostela, como antaño, peregrinos creyentes. Es que los tiempos de ahora, más podres que los antiguos, arrancaron la venda que tapaba los ojos de la Fe. Y por eso las almas no creen, ni los labios pueden cantar el himno de Ultreya. Empero, menos mal que ogaño vayan allá peregrinos de arte, aunque miren las cosas a través de una guía cualquiera. ¡Si los turistas acudieran á Yakosland como antes acudían los romeros de todo el universo...!!

Dibujo de Alfonso R. Castelao, para Suevia

GRACIAS DEL DOLOR



¡Qué bonito vas meu hirmanciño, c'o traxe d'as romarías!

Dibujo de Alfonso R. Castelao, para Suevia.



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1916

~~~~~  
PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

~~~~~  
Número II

~~~~~  
= Redacción =

e administración:

CANTÓN GRANDE

= 16, BAIXO =

~~~~~  
A CRUÑA

24 NOVEMBRE

A NOVA TERRA

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »


Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 31

A CRUÑA 20 DE SETEMBRE DE 1917

O PROBE XAN, por Castelao



—N'ó Son por querer sere.... ¡Unha esmola!



A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Adeministración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 45

A CRUÑA 10 DE FEBREIRO DE 1918

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.


Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

FIDUCIAS DO CACIQUISMO. por Castelao




FERREB • CORUÑA

— Eisi te queren vere sempre, Galicia!



Na veira do Miño



FEPRER-CORUNA

O RAPAZ.—¿E logo os da veira d'alá son mais estranxeiros qu'os de Madrid?
(Non se soupo o que lle respondeu o vello).

Liñas dos novos

A nosa fala

A' Srta. Camila Sánchez García

O noso linguaxe é o mais subríme e doce d'os falados na Hesp'ña. É un romance que fala da fermosura de Galicia. Unha canción recollida d'armuña d'os vals, d'os montes e d'as campás. Nosa doce fala e a mesma música d'as augas d'aquelas fontes esquencidas antr'os ramaxes que os nosos poetas gaban... E o mesmo barullo d'as follas e d'as robredas ao recibir os brandos e acarfiados ventos... E o linguaxe que despedrou e levantou n'os corazóns galegos o amore á nosa terra, falandolles qu'inda era tempo de conseguir a nosa liberdade, qu'inda nos corazóns mais ruins atopábase a semente da frol galeguista, qu'inda a nosa bandeira c'os seus coores azul e branco se lociría n'as edificacións mais erguidas da nosa terra, coma simbo do final da escravitude imposta polos ruins gobernos da Hesp'ña cativa.

Quen dixo liberdade, dixo xusticia. Non habendo liberdade non pode haber xusticia porque facendo xusticia se fai liberdade. Xusticia é a independencia d'os dereitos

d'as rexions, a independencia d'as súas falas a independencia d'os seus costumes e súas leises. Habendo xusticia chega o acoirazamento d'os escravizadores, o acoirazamento d'os asoballadores, o final d'os reises da caciqueria....

A fala é o cimento da edificación da liberdade que ten que vire. Falando galego xa deixamos de sere da Hesp'ña. Unha campaña sempre en galego chegaría á educación completa d'o pobo.

Hoxe temos na nosa terra fermosas novelas, contos e infinidade de cousas teatraes, coma tamen pezas da música galega, que xa é un principio para començar a xente a educación galeguista. O tempo non o perde a xente que lle ten amore a Galicia, e a batalla comenza na fermosa Coruña, d'onde cada data e unha nova proba do adianto do galeguismo, do que ten que salire a nosa liberdade, facendo xusticia.

MANUEL PORTO CASAS

Vilagarcía

Lea vostede
A Nosa Terra

Lembranza

A mocidade de estrelas

A «Mocidade Nazionalista» de Santiago—da que n'outro logar d'este número publicamos o manifesto qu'espallou por Galicia—fixo un acto fúnebre na Irexia de Santo Domingo, ond'acougan as cinzas de Rosalía Castro, en lembranza da morte d'Alfredo Brañas, cuio aniversario compriuse o día 21 derradeiro.

A rentes da tumba do gran orador que adiantándose a Cataluña foi predicare rexionalismo a Barcelona, cando Camibó era un rapaz, e que perpetuou estes versos de consello pra Galicia

Como en Irlanda,
érguete e anda.

Léu unhas cuartillas enxebres o culto estudante santiagués señor Posada Curras, pondo logo os entusiastas e patriotas mozos nazionalistas coroas e feixiños de froes en col do mausoleio do mestre finado.



NA XUNTANZA ESTÁ A FORZA E NA FORZA ESTÁ O TRUNFO

Pra esta onta labor de redimill-o noso doce idioma do esquecemento en que dorme acurrunchado, e facer que o entendan todol-os que queiran entendelo, contamos con que non han de faltarnos as patrióticas axudas dos gallegos de boa fe, dos fillos amantes d' esta meiga terra, dos hós e xenerosos, de que falou nas swas bariles estrofas a musa ossiánica do noso bardo Pondal.

Todos levamos dentro de nós unha obriga moral que temos de cumprir honradamente. Deixémonos de parolas. As parolas son lería; as parolas lévaas o vento. Saen dos beizos, esbaran pol-os ouídos, púsanse un instantiño nos miolos, fan correal-a sangue a borbollós pol-o corpo adiante, dan pulos d' antusiasmo ós corazóns, sacoden as almas, afervooan os espíritos, afúndennos no bulleiro enlameirado das nosas pasións mequiliñas, érguennos de súpeto por enriba de todal-as cativaces, y-ò fin y-ò cabo non son mais nin menos que unha chuvia de foguetes que estralan e morren, alumeando un pouquiñiño os campos das nosas ideas, pra apagárense dispóis mainamente nas escuridades do noso pensamento, sin deixar máis sinal que uns anacos de fume encolgados no espazo....

Os gallegos precisamos realidades vivas, algo que nos saque das nosas vellas morriñas e que nos leve ós nosos novos destinos. Xa o dí o enxebre Castelao. Hai que ir fuxindo da gaita e do tamboril como representación da nosa raza. O alaláa y-a muiñeira y-o aturuxo xa non poden ser a encarnación das nosas ansias no porvir.

Temos que pensar que estamos en tempos novos e momentos decisivos. Fainos falla pechar con sete ferrollos a porta do pasado, pra que non volvan a saír pol-as ruas adiante as nosas lilaileiras choromica-das, de pidinchós que queren vivir da esmola sin saber empregar-as forzas propias no seu propio ben.

O gran Castelao fáinol-o ver d' unha maneira perfeita no maxistral dibuxo simbolista que nos mandou e que vai á cabeza d' estas páxinas. NÓS non hemos de gabar ó noso artista, porque NÓS somos NÓS, y-esto abunda. Pero si poderemos decir a todol-os gallegos: Vel-ahí está n-unhas rayas e n-uns borran-chos, coma quen dí, encerrado todo o problema do gallégismo.

Os lions y-as águilas que dan vida na pedra ós capiteles do Pórtico da Gloria e que teñen enriba de si a pedra dos anos forman como unha lección práctica que debemos adeprender hastra sabela de memoria.

Os gallegos traballadores, os de boa fe, os dos fondos entusiasmos y-as sanas orientacións, os que loitan e loitan pol-a redención da nosa terra, han de començar por sel-os lions y-as águilas dos novos tempos, pra erguerse coraxudos arriando o lombo uns ós outros, e pra guindar a lousa do centralismo que nos esmaga, tirando co-ela hastra escachizala.

Estonces haberá pr' a nosa terra unha alborada de rexurdimento, porque morto o centralismo terá que morrer tamén o caciquismo que nos afoga e que soilo vive das falcatrúadas, amparado por esa centralista forza bruta e absurda que non sabe dar máis que paus de cego e que na sua iñorancia ou na sua comenencia coida que todol-os pobos son iguais, como si non tivese cada un a sua característica y-a sua personalidade.

Pensen os gallegos de corazón que na xuntanza está a forza e na forza está o trunfo. ¡Adiante, pois, adiante sempre!

ELADIO RODRIGUEZ GONZÁLEZ.



DE MIN PRA VOS

A DOS OLLOS MEIGOS

Pr'o gran Castelao, que ten a outa virtude de faguer rir co-as suas intenzonadas caricaturas da terra, qu'a il cóstanlle bágoas.

I

N-un Museo de pintura cuio nome eiqui non ven á conto, houbía un fermoso cadro d'inestimable valore, conecido pol-o nome de *A dos ollos meigos*. Compoñíase o cadro d'unha muller envolveita toda ela n'unha gasa difuminada n-un fondo de nubes, agás os ollos, que pintados fortemente, sobersafan soios, únicos, no lenzo, grandes com'unha espranza, prêtos com'un desengano. Unha ben marcada soma de terrore dibuxábase n'iles, cal si atopárase en presenza d'unha eterna e tráxica visión.

Ninguén visitara aquil Museo qu'ô atopárese diante do cadro, non sintira frío na alma, e pasara pol-a sua imaxinazón un

evocamento de traxedia. Logo, pra terminare de compretal-o feito, contemplábase á moitas horas do día ô pe do cadro, a un vello de longas e brancas guedellas, vestido purcamente, con algo de desaliño, que cal gardán d'honore fitaba cós seus ollos sin lus ôs visitantes. Seus labres contraíanse pra surrir cando escoitaba unha loubanza, e suas palpebras fixas adoito, recollíanse n'unha dôrosa contraíção amostrando a palidez dos ollos, filla da cegueira, cand'ouvía falar do misterio do asunto qu'escollera o pintore. E aquil vello gardán era o autore, a quen custáral-o chegar a vivire na lus da Groria, o ficar pra sempre choido nas tinebras d'unha noite sin fin. Ao final-a obra, finara a luz nos seus ollos de tanto fital-o. *A dos ollos meigos*, non era unha obra imaxinativa erixida na sua fantasía; fora bebida nas fontes da realidade.

II

Ernesto Porto, qu'era o nome do pintore, fillo d'unhos probes labregos, amostróu dende moi neno unha grande incrinazón á pintura comenzando por faguer monicancos en papés, namentras o gando pastaba apaciblemente a fresca herba. Mais tarde, mercáralle e trouxéralle un seu tío ô voltare d'América, unha caixiña con lápices de côres. Dono d'ela afoutárase á pintar casas e arbres con d'abondo bon acerto, tendo en conta a falla de conecimentos que tiña no tal arte.


Seu tío Benito, que víu os traballos do rapás cós lápices que mercáralle, porcatóuse de qu'houbía no seu sobriño madeira d'artista. Botóu man d'unhos aforros que trouxera da emigrazón, e mandóuno á vila ôs catorce anos á estuiare os segredos do dibuxo pirmeiro, e do côrido dempois. Ernesto demostróu dend'o comenzo unha gran afizón, e unha intelixenza pouco corrente ôs seus anos.

Pasando foi o tempo e aumentando n'il

PINTORES D'ALMAS
CASTELAO

Alma baril da terra,
encarnación lexítima da raza,
no fondo das suas obras
revólvense infertunios e risadas:
infertunios acedos
das nosas horas tráxicas;
risadas de xenreiras
e de rabias,
que levan dentro os cáustecos delores,
das feridas y-as mágoas.
El sinte como propias
total-as coelutivas labazadas,
y-o seu lápiz é xostra,
y-o seu pincel é tralla,
e contr'os duros couces que os labregos
reciben dos que mandan,
ferve en indinación, arde en carraxe,
pensa nas nosas ansias
e pinta as nosas coitas,
que soilo queren tirrias e bisarmas,
pondo de cote n'elas
o santo amor á pátreia,
que por algo
hai n'él a enxebre encarnación da raza.

Os seus ceguiños choran;
os seus ceguiños andan:
choran sin teren ollos
pra desfacerse en vágoas;
andan ¡probiños!



como andan as imaxes da disgracia.
Recorren as aldeas
levando a sua tristura por compañía
pra recoller esmolos;

e van ás apalpadas
en busca das romaxes
pra rañar nas zantonas as suas mágoas;
e n'unha noite eterna
pasean as suas lástemas,
cos seus ollos sin vida,
por onde a luz en son de moía esbara;
e ô compás dos pandeiros,
coas bocas desdentadas,
cantan os probes
mentras por dentro o corazón lle sangra,
como si fosen xuntos
a máis enxebre encarnación da raza...

Pintando monicreques
valeira n'eles a intención y-a gracia.
E sempre que ô labrego
—Probe Xan d'estes tempos— asoballan,
pon lume de tormenta
nas suas pinceladas
e têm un agarimo
pr'o novo Cristo da sofrida raza
que está fai moito tempo
sin door nin compasión crucificada.
As lástemas da terra
tanto son as suas lástemas,
que as suas ironías,
con todo canto teñen de sarcástecas,
son punxentes protestas,
porque él é a enxebre encarnación da raza

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

comprent tantos c'o progreso dos tempos. Eiquí si que ven ben botar man da importación de verbas portuguesas. Pro, tocant'a ortografía, o millor e a libértá.

Eu, de ter preferencia por algunha, teríaa pola ortografía fonética, que foi a das nosas línguas romances hastra qu'a pedantería dos humanistas dos séculos XV e XVI trouxo isa macana da ortografía etimolóxica. Pro, ó mesmo tempo, a fonética ten o perigo de cair n'unha sorte de esperantismo ortográfico que non ten chiste ningún. Por iso, eu, como bó epigón, quero millor empregar a que xa se fixo crásica, a dos nosos hermes de fis do século derradeiro, a de Rosalía, de Curros, de Lamas, de Pondal. E polo d'hoxe, gracias a Dios, y-en boa hora vaia dito, vaime ben co'ela.

Ten a gracia decorativa dos apóstrofes, dos guiós, dos acentos circunflexos que lle dan un aire europeo que non debera perder. Non hai qu'esquecel-a estética que n'esto tamén a hai. E inda estaría millor si, contr'o parecer do mestre Ribalta adotáramos as consónantes dobres do portugués: ph, lh, ss, mm, que campan tan ben. ¿E logo non?

A PROVINCIA

Me non colle na testa como hai unha vila tan siquera qu'estea contenta de que lle chamen «capital de provincia». Hainas de 1.^a, 2.^a e de 3.^a com'os wagós do tren. O menos, eso din os catradáticos d'Istituto e mail-os xefes de negociado y-os maxistrados d'Audencia... Eles saberán en que se diferencian. E mais, agora que se discurre tanto, pode qu'haxa algún aparato pr'as medire...

A verba provincia é depresiva, é cuase-qu'un aldraxe. E unha calificación que rebaixa de categoría, que capitisdiminuye, que pon a un anaco de terra n'unha situación de dependencia, de supeditamento, d'estare soxugada, dominada, gobernada por xente d'afora, suxeta a procedemento administrativo.

E unha verba máxica que desencadea sobor d'unha vila un pedrisco de segredarios, oficiás, aspirantes, ispeutores, axudantes, delegados, interventores, tesoureiros, conserxes, porteiros e mozos, xentes que poñen oficios, circulares, avisos, dificultás, que fan expedientes pra todo, que gastan millós de légoas cadradas de papel, agora que vai tan caro, e centos de moyos de tinta, qu'ispeucionan, ordenan mandan, apremian, cobran, esixen, fan reintegrar. A ús hai que lle chaman Usia, a outros Excelentísimo Señor, a outros Ilustrísimo; cand'un ten que lles escribir, hai que pór primeiro

«expone» e dempoís «suplica», e decir qu'o fai un «con el respeto debido» ou «con el mayor respeto», y-hai que lles pedir que se «dignen» facelo y-aínda qu'un pida o xusto, concluy-un decindo que «es gracia que no duda obtener etc.» Teñen dous libros sagrados: un pra eles, outro pr'os seus administrados. O d'eles é o Escalafón: pr'os outros o Reglamento. Pubrican un xornal moi interesante, que se chama o Boletín Oficial.

Todo esto foi inocutado polos romanos, por aqueles contra dos que os nosos abós verteron seu sangue combatindo no Medulio. Son os restos que quedan do imperialismo dos Césares. N'esto vius'a convertire a soma das aguias angustaes, y-as ritualidás do procolo constantiniano. E o S. P. Q. R. qu'inda levamos tatuado no lombo.

VICENTE RISCO.

Ourense, mes de Santiago, 1919

CONTOS DE CASTELAO

PEITO DE LOBO

N'un serán morno, escoitando as arrans e os grillos, nasceu n'o meu miolo vagarifiante a idea de facer un cabezudo pr'as festas d'a vila, e como n'aquel tempo d'a miña mocidade artística aínda íña n'os palotes d'a caricatura busquel o tipo mais feo d'o pobo pra facer escachar co'a risa a todol-os vecíños.

E atopelino; era un home c'un nariz cheo d'espullas. Aquelo non era nariz; aquilo era unha pataca con fillos.

Traballei con todol-os meus folgos pra rematal-a obra, que xa era sonada e que o meu creto de mafioso fixera-a anunciar con letras grandes n'o programa de festas, debaixo d'o «repique de campanas», e d'a «ducia de bombas de palenque».

E chegou o día. Na praza non colíña unha agulla. N'o adro d'a lrexa un rapaz toco tífia un felxe de bombas debaixo d'o brazo namentras o foguetelro soplabá na mecha agardando a primeira badalada d'as doce.

De súpeto tanxeu a campana, estouparon as bombas e unha «ben afinada banda», rompeu a tocar. A cousa xa non tífia remedio. Salu o meu cabezudo e n'o mesmo intre a xente ceibou unha risa mesta e san, d'aquelas risas qu'estalan n'as «comedias», cando caen no meu pobo os titiritelros.

—¡E Peito de lobo! E Peito de lobo! dicían.

Y-entón n'un currunchito d'a praza xurdiron chlos firentes de mulleres que non podían atafegar un orneo que chegou a mín coma un tremor de terra. Era Peito de lobo que quería esnaquizal-o cabezudo e mais a mín.

Aquel día o medo que tiven non me deixou gorentar o carnelro d'a festa. A cousa non era pra menos, pois Peito de lobo era tan forte que certo día querendo botar un barco ó mar afundeulle o costado c'o lombo e dín que nunca lle puxo as maus os fillos por medo de romperl'os osos. Era moito home pra mín, que xa me sentía frangulla n'as suas maus de ferro.

Cando estaba rematando de comer e miña nai comenzaba a dar gracias a Deus «por tanto ben coma nos dera», sinteuse un Ave maría! n'a escada e apareceu diante de nós a muller de Peito de lobo.

—Véñoll'a decir que se garde ben d'o meu home.

Eu fíquel encorado escoitando c'os ollos arregalados.

—Aquel home nin comeu nin botou un grollo de viño. Está á esbarafundar e dí qu'ha facer unha. ¿Sabe, señor? O que mais mal lle pareceu foron as espullas do nariz. Vostede é o pecado, señor... Eu xa lle dixen: pero, tñ, home ¿onde te fuches a pór pra que che quitase tan ben? Pois atá lle puxo os tirantes d'ourela de baeta, como leva o probiño pra que non lle

calgan os pantalons. ¡Se vostede lle quixera tñar as espullas e darlle outro coloríño mais blacuxelrol...

Aquela tarde salu sen espullas o cabezudo e Peito de lobo, preso pol-a muller e pol-o medo de matar un home, non veu as rodas de fogo e acochouse cedíño, ollando dend'o leito com'os foguetes de luces tingulan de prata, ouro, verde e rosa, as paredes encaleadas, escoitando o son lonxano d'a música, o estalar dos foguetes e o estoupar d'as bombas... atá que canso de bulir n'o leito quedouse com'un santo.

Pasaron meses e un bó día atopelme con Peito de lobo n'a ribeira. O fitarme virouse car'o mar e berroulle a un fillo qu'andaba enredando c'un barco:—Se vou ahí paréceme a mín que che vou a rañar n'as costas!

Eu xugando que xa non quería comerm'os muidos funm'a él e peteille co'a man nun hombreiro... e ó remate d'unha lería moi adivertida fomos a tomar un neto.

O ano seguinte salu o cabezudo e Peito de lobo c'unha carpanta de anís escarchado fols'á el e doulle unh'apreta e un bico chamándolle. —¡Meu irmanciño!

O terceiro ano salu o cabezudo con espullas n'o nariz, cousa que fixen por mandado d'o mesmo Peito de lobo. Non estaba ben qu'o seu irmanciño non fose tan laído coma el. Fuxiron os anos e fuxiron tamén as sardiñas pr'os xeltelros. Peito de lobo envelleceu de anos e de fame. As festas víñeron a menos coma os quíñons dos marfíelros; mais o cabezudo aínda saía, anque un pouco derreado pol-os malostratos que lle daba o sancristán.

Fai dous anos estaba un forastelro ollando o cabezudo, con ese ollar d'os que van as festas e non se adivirten nin migalla, cando Peito de lobo pousando os seus belzos de cor nazareno na orella do forastelro ceibou quedíño istas verbas.

—Fíxese no cabezudo e repare en mín. O cabezudo son eu.

O cabezudo non volveu a saír. O sancristán púxolle enriba d'a cachola o tumbo d'os difuntos, e c'a humedade do inverno aplacouse. Peito de lobo tampouco volveu a saír; un «aire de felesía», deixouno tolleito.

E o ano derradeiro pasando diante d'a porta de Peito de lobo vin-o sentado n'unha silla de palla ó balcón e coma eu lle dixera adeus, fitoume tristemente con ollos de peixe podre, namentras a sua muller dixome saudosamente

—Ala se fol o cabezudo!

ALFONSO R. CASTELAO



CONTOS DE CASTELAO

O aparello dos apóstoles

Eran doce mariñeiros; unha ducia de mariñeiros vellos, unha ducia de mariñeiros probes. Sen frebas de carne xa debaixo do coiro e co-as xuntas dos hosos cheas de ferruxe, tiñan aínda na caixa forte do peito un bó corazón e dentro da cachola bulíanlle aeito as lembranzas d'unha mocidade arriscada.

Os bós cristianos non poderían guindar con iles, nin sería de mariñeiros darlle un codelo de boroa, com'os probes de pedir pol-as portas. A limosna é boa pr'os que están afeitos á recibila; un home qu'andivo tod-a súa vida aboyado no mar e que chegou á probe por chegar á vello, morrería de vergonza, cando sintise no lombo as folicas da limosna.

Pois ben; así com'os rapaciños enredan con barquiños de cortiza pra írense afacendo, os apóstoles enredan c'un barco grande. E tamén tiñan unhas peras pra pescar n'os días mormos e mainos de sol. Eu non digo que collesen peixe pra vender na ribeira; pera algunhas veces aínda chegaban a coller pr'a caldeirada. Nin que decir ten que l'axudaban os mozos, mais iles ¡que diaño! mandaban e berraban coma se fosen patrons.

Xogos de vello!...

Cando lle lembrádes o súa probeza con calquera ben que lle fixéades, ceibaban pol-os beizos tremantes istas verbas d'agradecimento: — Tanto ben coma n'os fás, que che fagan á ti cando chegues á vello.

VERBAS...

Unha opinión

Moitas veces se leva dito qu' o sentimento nazonalista háchase afincado no corazón; qu' o nazonalismo é un impulso cordial, non cerebral. Poucos son os que poñen en dúbida tales afirmazóns. Toda a verdade esmagante qu' elas choen non necesitan endexamais probárese. Trátase de algo que, cada un dos tocados por ela, hacha probado con claridade meridiana no seu íntimo. A forza, pois, d'un raciocinar sereno e repousado qu' en calquera outra cuestión puidera empregárese como arma afirmadora ou destructora, n-ista de que tratamos non ten valía algunha. A friaxe dos razonamentos e incapaz de faguere xurdil-o fogo do patriotismo nazonalista. Iste fogo aburador e único soio pode iniciárese ó calor de esaltazón sentimental. Alí onde haxa quentura de sentimentos, facilidade emocional, será sinxelamente abranguible prenda da chama do santo ideal nazonalista.

Alguen dixo qu' o romanticismo era unha esaltazón dos sentimentos. ¿Quén podería negare qu' o nazonalismo, prena esaltazón do sentire e do querere patrios, non é un romanticismo nobilísimo e ateigado de nobres arelas que, como tal romanticismo, soio oposición significa ó rastreo baixo e a ras de terra do calculismo frío e razonador? A nós parécenos que ninguén. E sendo e así, é non podendo sere

E moito coidadiño que vos escoitasen dicir: *Oxe está un día coma pra ir ó mar o aparello dos apóstoles*. Enchíanse de carraxe e axiña vos respondería calquera d' eles: Escoita, tí, lapadoira; no noso tempo fomos mariñeiros e se tivera os teus anos collíache pol-a cueira do calzón e iñas deprender á respetar a vellez ¡Malcriado! ¡Malenseñado!!

Daba xenio vel-os en ringleira, *ós apóstoles*, levando paseniñamente, car'a súa casa encaleada, o aparello ó lombo, n'os seráns mornos do vrán.

E no día de xueves santo o abade, de xoennillos, limpaballe os pés n'a irexa...

Aínda os estou vendo en Villagarcía, c'os remos ergueitos, cando El-Rey pasou antre duas longas ringleiras de xeiteiros armados de remos...

Dende que o Goberno dou a razón ós conserveiros, cicais por non coñecer a sardiña galega máis qu' en latas de conservas de Nantes, entrou a fame de peixe n'as chouzas dos probes e os apóstoles foron morrendo co-a vergonza da caridade...

O aparello apodreceu dentro da casiña encaleada e o barco, deitado a beira do mar é o común dos fillos dos trañeiros.

CASTELAO.

d'outro xeito, cicais n-iste senso pouco utilitarista e práctico que, pol-o momento o ideal nazonalista presenta, háchese ó motivo fundamental e decisivo do apartamento e, aínda mellor, da oposición con que, respecto a nós, viven os acaudalados, prácticos e *sesudos* varóns galegos...

Sere nazonalista significa sere abnegado, xeneroso e altruista. Dentro d'un espírito calculista e práctico tales virtudes non poden eisistire. O cálculo é a comenza irmánada con un egoísmo escrusivista, que se deriva d'elas, donan orixen á hipertrofia do *eu*. E ista hipertrofia escriue, como consecuencia natural, aquelas virtudes que constituíen, por e así decilo, algo a maneira d'un roupaxe en que se hachase envolta a esenza do sentimento nazonalista.

Ninguén dos nosos pode desconocere qu' ó traballar pol-a redenzón da patria, hoxe asoballada e maltreita, traballa pol-o abrangamento d'un novo estado de cousas do qu' el disfacilmente disfruitará. Y-emporisó quén é aquel dos nazonalistas que non traballa pondo toda a súa fé e a súa alma na empresa de redenzón? Nós coidamos que ningún, porque, de habere algún, ise xa deixaría de sere nazonalista pra trocarese n-un *vivo*, n-un d'ises prácticos dos que denantes falabamos. Velaquí, pois, a proba mais doada de que a falla de *senso práctico* ó *uso* non pode donárese mais que antre os nazonalistas. Velaquí, pois, como nazonalismo implica abnegazón, altruismo, desintrés, todo aquilo en suma que por sere

propio d'espiritos selectos, fai qu'os «bos e xenerosos» sexán tan poucos.

C. ESPASENDE.

Follas novas

Do libro «Xente da Aldea» proisimo a publicarse en Lisboa, e que levará unha portada do xenial caricaturista gallego Castelao.

Alfredo P. Guisado, é un estudante de Lisboa entusiasta nazonalista que aínda non ten os 20 anos. Ten conqueridos moitos trunfos e está sendo moi gabado pol-o Director do Museo de Lisboa o Dr. Figueiredo.

EL Y ELA

A propósito d'a suscripción qu'a Colonia Gallega de Lisboa abriu pr'os mutilados d'a guerra portuguesas.

O río Miño é un cura
Sen igrexa y sen misal,
Casar Galicia procura
Con un novio: — Portugal.

Y-estan os dous namorados
Sin que nada mais esperen,
Fay tantos siglos parados
Sin dar as mans como queren.

El é un mozo valente.
Andou anos po-las guerras,
Abriu mares, troyo terras,
Y-o corazón sempre á frente.

Ela á beirinha d'o río
Fia Mistério con calma:
— En vez de roca ten Alma
Y-o paisaxe en vez de fio.

El vea de serra en serra,
Y-ela, lexos, a axixar...
El foy fay meses pra guerra
Y-ela quedou a esperar.

E mentres él pelexaba,
Pra que volvese pedía:
— Rezava cando el perdía,
Cando el vencía, cantaba.

E cando agora volveu
Arrimadiño a un bastón,
Sentiuo n'o corazón,
Deulle algo d'o que era seu.

ALFREDO PEDRO GUISADO.
(Pedro de Menezes).

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademenistrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo a os que teñen a suscripción en descuberto, remítan o importe pol-o xiro postal.



O acto resultou moi froitífero. Nossos amigos deixaron ouvir ós labregos o credo nazonalista no que latexa a arelada reden-zón da Galicia.

Axiña se farán outros importantes actos galeguistas en diferentes vilas da Terra.

Proyéutase tamén una gran Asambleia de toda a-as forzas democráticas e anticaciquís de Galicia, que terá lugar en Santiago no mes de Xulio veñideiro, c'o ouxeto de tratar das eleccións xeneraes das que sairá o novo Palramento hespañol.

A «Irmandade» d'Ourense iniciadora da Asambleia porpara un manifesto d'invitación para a mesma.

CONFERENZA DE CASTELAO

Arte e galeguismo

Na sociedade *La Oliva*, de Vigo, dou o derradeiro miércoles unha intresantísima conferencia o xenial, caricaturista e querido irmán Alfonso R. Castelao.

Como cousa d'él, folga decir que se trata d'unha disertazón na que as mais fondas ideas sóbor do Arte desenrólanse dentro d'un outo sentimento galeguista.

Damos hoxe as primeiras liñas da conferencia, ofrecendo no próximo número a segunda parte, adicada especialmente a falar do Arte da nosa terra.

«Cumplindo un deber de outo patriotismo, ou mellor dito aínda, d'un matriotismo que acoso levo sempre no peito, vou a falar en galego.

«N'a fala doce e sentida
entre bicos depreñida
n'o colo de miña nai

que dixo o poeta da raza.

Pra que vos fale en galego abonda qu'eu sexa un d'os que traballan pra erguer a conciencia durmiente da nosa personalidade nacional; mais eu agora non vou a falar como galeguista senon como namorado d'un Arte que sendo rexional pudera conquistar universalidade.

Un idioma non e somente un xelto d'elsprelón. Se así fose habería que matar o galego, e dispois, pol-as mesmas razóns, teríamos que matar o castelán hastra que atopásemos c'o idioma que tivese o mais outo creto centífico. Non; un idioma no é sementes un xelto d'elsprelón, é tamén unha fonte d'arte. ¡Qué fose poeta pra decirvos o qu' é un idioma! Eu, artista, por non ver cegada unha fonte de arte teño que defender a fala de nosos abós.

Cando coidaba qu'o mundo non iría mais alá d'os montes que vían os meus ollos de neno, eu aínda non deprendera o castelán. Por iso pra min tén o galego unha saudade moa que me lembra o tempo lonxano e felis

da miña crianza, o tempo felis de todol-os homes, quizaves máis felis pra min, que son aldeán. Por iso, por sere aldeán galego, defendo a fala de nosos abós.

O arte galego non e, non, faguer cousas de asunto galego. En Alemaña estrenouse xa fai anos unha ópera que se chamaba «Rosa de Pontevedra», mais a ópera, ¡non ten voltal, era alemana. Sorolla pode ir o Xapón a pintar unha scea de Yoshiwara; mais o que plnte Sorolla non será ¡qué vai sere! pintura xaponesa. Pra qu'haxa pintura galega—qu'aínda non a hai—e preciso pintar en galego, da mesma maneira que pra sere donos d'unha literatura galega xenlos da nosa raza escribiron en galego. O arte e un, e a literatura, com'a música e a pintura galega non poden sere máis que xeltos d'elsprelón d'unha mesma beleza: a da nosa terra. E sendo eu un d'os que traballan pol-o conqurimento d'un arte galego, teño que defender a fala de nosos abós.

Podería preguntárenos: ¿Valle Inclán e artista galego? ¡Xa o vexol; mais Valle Inclán pensando, sentindo y escribindo en galego publica somente unhas traducións literaes en castelán, y-eu chámolle artista galego porque preslnto, vexo, c'os ollos da i-alma, as suas obras escritas en galego. Podería preguntárenos tamén: ¿Rey Soto e un poeta galego? Non e non; poeta galego e o Ramón Cabanillas, é o Noriega Varela. Rey Soto e un poeta castelán nado en Ourense, mol bó, mol xenial se queredes; pero alleo. E como eu cobizo pra miña terra un arte seu, defendo a fala de nosos abós.

Algúns escribidores nados en Galicia, que nin son galegos nin artistas, non se farten de celbar moreas de prosa querendo fanar con razóns podres, valeiras de senso, un froito d'o sentimento. Isles turistas na sua terra, que describen ou pintan un paisaxe galego coa mesma quentura espiritual con que pintarían unha roda de moer café, son froitos merados da nosa terra a quen non val-a pena de chantarll'os dentes. A centralista Francia baten as mans d'alegría cando veu rexurdir o xenlo d'a Provenza no arte milagreiro de Mistral. En troque, ¡non digo na Española, na mesma Galicia, hai esborrachadores de papel que non queren o rexurdimiento da fala d'o Rey Sabio; mais... ¡qué lle imos faguer!, estes malos patriotas non poden darnos as normas do sentimento. E como son bó galego defendo a fala de nosos abós.

E costume chamar galegos a todol-os que nascen en Galicia; mais eu coido, e vos tamén, que non abonda ser nados n'unha terra pra sere fillos d'ela. Declame un dibuxante andalús de molto miolo, querendo elsprelcar a morriña: «os bós galegos tendes raíces na terra; pero isas raíces son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dar mil voltas o redor d'o mundo e aletando en chán alleo estades sempre vivindo n'os vosos elidos». E ollade como n'este dito diun andalús que comprende a nosa saudade, encérranse unha

chea de cousas. E certo; os bós galegos botamos raíces a beira d'o berce, mais non com'os arbres, non com'a edra qu'aprel'xas pedras d'o pazo ou d'a chouza onde nascemos. As raíces nosas son finifias como fios; o vicio d'a raza lévanos lonxe d'o lar, da terra mesma que nos dou'a forza, sen qu'en ningures, atopemos acougo pr'a nosas tristuras; e cando cansos da loita non podémos ir adiante sempre temos o camiño de volta que turra por nós c'unha forza misteriosa. E n'a volta ó lar échense os nosos desexos. Os galegos non temos a lus da esperanza diante de nós, témola detráls de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nascemos. As miñas raíces non son fios, son chicones que non me deixan tansiquera salir da terra de meus abós. Tan namorado d'a miña terra-fía que faltarvos en galego.

Por ser enxebre non vayades a coidar quem'atraco de lacón con grelos, que teño saudades d'o pantalón de boca de cadela, ou qu'antre neto e neto d'o bó tinto sañme arroto de carraxe contr'as pobres terras d'a nosa irmán Castela; non; os bós galegos damos un paso atrás, pero é pra pegar un salto e non caer espaturrados n'a lameira. Os enxebres d'agora queremos unha cultura galega; e sendo eu enxebre fía que faltarvos en galego.

N'este intre tenme sen coidado a oficialidade ou non oficialidade d'o idioma galego. Pra min poden seguir escribindose en castelán os rectbos d'as contribucións. Eu vou a faltarvos de Arte e por iso a miña i-alma galega faltarvos no seu idioma.

Fallo eu d'o afilato que moitos teñen pra engayolar ou divertir con verbas que saen da boca coma lindas adoas de vidro, prégoos, denantes do empezo d'esta miña engadella literaria, un anaquño de simpatía, de bondade pra min. Pouco afello como estou a isles trafegos d'as lestras, onde a música triunfa moitas veces por riba d'as ideas, ben sei, con adolto, que non son quén pr'amostarvos meus sentimentos cubertos con aquelas xoyas que fan pasmar as xentes.

O azo que teño empúrrame a mostrar os meus sentimentos; ¡les írán encolriños, madoñentos os pobres; pero as suas guedellifias louras, os seus ollifios azules, o aquél de verdade, de bondade, que n'eles se vexa quizaves fagan abalar os corazóns írmans. Y-esto só encherfame d'unha fondísima ledicia.

FOLLAS NOVAS

«O Fidalgo»

Temos recibido un exemplar do drama do mesmo nome do que é autor o inspirado poeta compostelán, Xosé San Lois Romeiro.

Cando s'estrenou dita obra na Cruña díxemos o noso xulcio acerca d'ela.

Hoxe repetimos o de entón: «O Fidalgo» é unha obra de teatro chea de forza dramática que conquistará éxito franco sempre que sexa levada á escea.

Proba do aprecio en que a ten o público e o





Mistral. En troques! xa non digo n'a da Provenza no Arte milagreiro de d'alegría cando ven rexurdir o xenio A centralista Francia batu as mans non vela pena de chantar os dentes. troitos merados d'a nosa terra, a quen fartin unha roda de moer café, son mesma queutura espiritual con que pin- ben ou pintan un paisaxe galego coa istes turistas n'a sua terra, que descri- de senso, o que é froito d'o sentimento, rendo fanar con razos podres, valeiras fartin de ceibar moreas de prosa que- que nin son galegos nin artistas, no se Algúns escribidos nados en Galicia, tendo a fala d'os nosos abós. bizo pra min a terra un Arte seu, de- se queredes: pero alleo. E como eu co- nado en Ourense, moi bó, moi xenal, Varela. Rey Soto é un poeta castelán go é o Ramón Cabanillas, é o Noriega poeta galego? Non é non; poeta gale- preguntárensos tamén: ¿Rey Soto é un suas obras escritas en galego. Podaría sinto, vexo, cos ollos d'a i-alma, as y-en chamolle artista galego porque pre- te unhas traducidos literaes en castelán, y-escribindo en galego, publica somen- mais Valle-Inclán pensando, sentindo clán é artista galego? ¿Xa o vexo? Podería preguntárensos: ¿Valle-In- nosos abós. te galego, teño que defender a fala d'os d'a nosa terra. E sendo eu un d'os que traballan pol-o conqumimento d'un Ar- d'a nosa terra. E sendo eu un d'os que

— 5 —

sei, con tristura, que non son quen pr'amstrarvos meus sentimentos cu- bertos con aquelas xoyas que fan pas- mar ás xentes.

O azo que teño empúrrame á mostrar os meus sentimentos; íles irán encoi- riños, medoñentos os pobres; mais ás suas guedelliñas. Ioutras, os seus ollos azules, o aquel de bondade e de verda- de que n'eles se vexa. Quizaves fagan abalar os corazóns irmáns. Y-esto só encheríame d'unha fondísima ledicia.

Depantes e dispois de que o alemán Bansgarten dese nome á Estética alá pol-o ano de 1735, déronse mil defini- cións d'o Arte e amañáronse outras tantas teorías estéticas. Sería de pouco proveito meternos n'elas, pois ou lle chamamos malas a todas ou atoparía- mos que as mellores trúcanse. Pra nós, qu'estamos limpos de toda filosofía, o Arte é o Arte e nada máis. (Algunha vez íñamos ser revolucionarios).

Empregarmos a cotío a verba beleza, anque non seipamos de certo o que quér dicir, encachándoa n'a nosa fala nada máis que pra desenrolar mellor o noso traballo que máis ideas alleas terá que ideas miñas.

Cando s'escoita dicir á moitos laco- tros de miolo de trapoll «eu tal», «eu cal», había que preguntarlle: pero... ¿vostede é persoa? Pois o primeiro que

galego non poden sere mais que xeitos d'expressión d'unha mesma beleza: a literatura, com a música e a pintura describiron en galego. O Arte é un, e literatura galega, xenios d'a nosa raza maneira que pra sermos donos d'unha e preciso pintar en galego, d'a mesma pintura galega—que aínda non-a hai— sere; pintura xaponesa. Pra qu'haxa que pinte Sorolla non sere, que vai tar unha esca d'o Yoshiwara; mais o mana. Sorolla pode ir o Xapón a pin- mais a opera, non ten volta; era ale- se chamaba «Rosa de Pontevedra»; ténouse, xa far anos, unha ópera que as de asunto galego. En Alemaña es- O Arte galego non é, non, faguer con- galego, defendo a fala d'os nosos abós. son aldeán. Por iso, por sere aldeán mes, quizaves mais feliz pra min, que cianza, o tempo feliz de todolos ho- bra o tempo lonxano e feliz d'a miña lego unha saudade moria que me lem- o castelán. Por iso pra min ten o ga- ollos de neno, eu aínda non depredara mais ala d'os montes que vian os meus Cando colidaba qu'o mundo non íña que defender a fala d'os nosos abós. ollar cegada unha fonte de Arte teño qu'eu un idioma! Eu, artista, por non Arte! Quen fose poeta pra dectivos o d'expressión, é tamén unha fonte de un idioma non é somente un xeito mais grande valor bibliográfico. Non; tivese o mais outo creto centíleo, o

— 4 —

IRMANDADE DA FALA

ARTE E GALEGUISMO

CONFERENCIA

=== DADA POR ===

Alfonso R. Castelao

NA EXPOSICIÓN DE IMELDO CORRAL

NA CRUÑA O 25 D'OUTONO DO 1919



Tip. de EL NOROESTE

LA CORUÑA

DE ARTE

A la entrada del salón de fiestas de la "Reunión de Artesanos", se ha dispuesto con sobriedad la Exposición que de algunas de sus obras, deliciosamente humorísticas, hace el genial artista gallego, Castelao. Todas ellas son muy interesantes, sobrasaliendo varias como verdadero alarde de espiritualidad, de simplificación técnica y de intención satírica. El onxebrismo de colección tan armónica, está fuertemente acusado en tipos, fondos y accesorios, con la máxima expresión galaica. Es el más exquisito conjunto que hemos visto de dibujos a pluma, de Castelao. Además de que la forma es de un refinamiento y de una corrección grandes, los temas, los asuntos de cada lámina están elegidos con gracia o con punzante ironía, como cuadra al talento, al carácter y a la fina intención de este humorista celebrado. Hay dibujos que son a modo de pequeños poemas, pastoriles o político-sociales. Acaso se extreme la nota y la tendencia, pero esta ingénita manera de ser es precisamente una de las más fuertes características del artista.

La Exposición está siendo muy visitada, y se tributan a Castelao grandes elogios.



UNA CONFERENCIA

El genial artista gallego Alfonso R. Castelao dió anoche su anunciada conferencia en la "Reunión de Artesanos", con la ocasión y el grato pretexto de tener allí expuesta una interesantísima colección de obras suyas.

El presidente de la "Reunión" Dr. Rodríguez Martínez presentó breve y elocuentemente al celebrado humorista, aunque haciendo resaltar que no necesita presentación quien como él tiene tan altos merecimientos artísticos.

La disertación de Castelao fué notable, original y amena. Un conjunto jovial de pensamientos y paradojas tan curiosas como aleccionadoras. Estudiando lo que entiende que son el humorismo y la caricatura y analizando donosamente su propio arte, expuso burla burlando ideas, juicios y consideraciones de una gran fuerza estética que el numeroso público acogió con repetidos aplausos.

Ilustró Castelao su conferencia—en gallego y muy bien leída—con unos graciosos bosquejos al carbón, determinando rasgos salientes de figuras y personas conocidas y glosó algunas de las opiniones ya desarrolladas por él en una admirable conferencia que pronunció hace algún tiempo en el Ateneo de Madrid explicando la teoría de la caricatura moderna, que juzga nacida en Munich hace poco más de medio siglo.

Castelao, que según aseveración que hizo al final, terminará siendo un paisajista gallego—aunque ya lo es, realmente, en muchos aspectos de sus bellas y evocadoras obras,—fué ovacionado y felicitudísimo.

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na "Cruña" 6 meses, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 " América id.... 2 "
PAGO ADIANTADO

NUMERO 116

A CRUÑA 31 DE MARZO DE 1920

Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

Do cursillo de conferencias nazonalistas na Esposición de Castelao

A notabre conferencia do xenial Alfonso

Humorismo :- Dibuxo humorístico :- Caricatura

Señoras e señores:

Mais que unha autocritica quero darvos un feixe d'elementos pra que poidades criticar o meu Arte. Non veno buscando galanxas nin loubanzas, anque fosen merecidas, e pol-o qu' poida importarme a min, compre que vos traduza unhas verbas do gran humorista inglés Chesterton.

"Cando un home necesita sere conceptuado é certamente mellor que o sexa sobor d'alguns méritos ou talentos que realmente non ten. Entón a súa vanidade repousa mais ou menos fonda; é sómente un error de feito com'o do home que cre herdar sangue real, ou pensa que ten un sistema infalibel pra Monte Carlo. O mérito irreal non corrompe nin falsifica os méritos reais. O home é vano co-as virtudes que non téñ podendo sere humilde co-as virtudes que ten. As suas cualidades verdadeiramente boas repousan na súa inocencia primordial: non pode velas nin corrompelas. Se o pensamento d'un home está erróneamente cheo coa idea de qu' é un gran violinista, iso non lle priva de que sexa un home de ben; mais se algunha vez o seu pensamento está inzado co-a idea de que é un home de ben, axiña deixará de sel-o."

Ollade, pois, o mal que me podedes facer.

I

Humorismo

Eu teño un amigo enterrador n'un cemiterio de cibdade. Iste meu amigo non é de certo amigo meu: é sómente un oxelo d'esperencia, un coelliño de Indias. Un en-

terrador sabe sempre moitas cousas e contas con humorismo. Un enterrador de cibdade que dispo e descalza os mortos pra encher as tendas de roupa vella, ten de se-



re home que lle compre á un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caliveras, tiña de sere meu amigo.

Iste enterrador tense por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepián, e co-as "sorpresas" da súa conversa fuxen as horas sen decatarme.

Boeno, o conto foi que certo día collín car'o cemiterio e atopei o enterrador un poucoño non sei cómo, e dispois de falarmos moito, dixome que me tiña que contar, en

segredo, unha cousa, sempre qu'eu fose home de ben e amigo leal. Eu fiqui un pouco encorado pol-o medo á "sorpresa" desconhecida, e dispois de collerme pol-o homebreiro e arrechegarme os seus beizos poderas á miña orella, dixome pasenfiamente:

—Atopei uns papeles n'unha caixa!... N'unha caixa que non sei de quén será. O esqueleto tiña na calivera un ollo de vidro que me fitaba con remeira... e na man tiña estes papeles...

E o enterrador sacou d'arrentes do coiro uns papeles encuzados. O enterrador non sabe lér e doumos á min, pra qu' l'os lésse. Eran cachos de periódicos e papeles de fumar, todos numerados, e no primeiro campaban istas verbas:

"Memorias d'un esqueleto"

Aquela letra era traballosa de lér l'estaba feita c'un garabullo. A tinta non sei a que sería nin quixen decatarme do que podería sere.

Cando rematei o leutura xa escomenzara o antre fusco e lusco e o enterrador, moito amocado, xurou que se non fose por Deos tiña o esqueleto i-escacháballe a calivera c'un sacho.

Despedinme d'el e cando xa iña pol-a estrada, camiño da cibdade, oin que me chamaba á berros denda porta do cemiterio.

—¡Oya, veñ'acó!

E dispois quediño e moi solerminamente:

—Vostede qu'e médico ¿non saberia onde mercan ollos de vidro?

As memorias do esqueleto é o que vo



gante e lírico, de tal xeito que os seus libros lénse sempre con facilidade e verdadeiro pracer literario; cousa estrana nun filósofo especulativo e metafísico.

A Filosofía actual teno como as súas características: o interese pol-a vida do espírito ou psicológico, a tendencia metafísica, o entender a realidade como produción ou criación. Por isto é hoje o francés Bergson o filósofo mais representativo. En Leonardo de Coimbra achamos estas notas d'unha verdadeira realidade. A realidade é p'ra el, consciencia, espírito, pois como o proban moitos experimentos psicopatológicos, «todo é, foi ou pode ser consciencia». A consciencia é pensamento pol-o que a realidade é pensamento. Mas esta realidade e iste pensamento (que tanto ten unha cousa como a outra) son produción, criación eterna. Eis o punto de vista do «criacionismo». Certamente criación que deixa tras d'ela a obra da natureza e do espírito: a ciencia, a arte, a moral e a relixión e que camiña para a «consciencia» e para a «memoria». Mais a realidade é tamén comunión na produción. O Universo é solidario: «un campo de consciencia onde conviven e penetran consciencias, ou seja: A consciencia das subconsciencias socializadas, os seres socializados en Deus». Na relixión expresa se esta solidariedade pois sempre no fondo é: «eterna e infinita convivencia amorosa».

O noso espírito filosófico, aínda por desenvolver, está ben perto do espírito filosófico de Portugal que convén tanto coñecer aos galegos. Eu recomendo-lles a lectura das obras de Leonardo de Coimbra.

JOHAN VIQUEIRA.

Profesor de Filosofía.

DECÁTENSE OS GALEGOS QUE ESCRIBEN EN CASTELÁN

Escoita, tí, literato rico e vanidoso...

Cando negas capacidade literaria ó galego negas a tua propia capacidade literaria. Cando dis que non-o sabes, eu entendo que non tes talento d'abondo pra escribilo.

Calquera cristián que non sexa mesmamente unha besta ferrada pode faguer literatura castelán pra que chamen «brillante» ou aínda «insigne». Calquer bachiller pode chegar a «insigne literato» sorvindonos unha literatura que sabe a cocido, e se o bachiller é un cursi pode chegar a «brillante» servíndonos unha literatura que sabe a merengue. Eu castelán hay modelos e aínda métodos d'abondo pra fabricar literatura. Por iso ti escribes en castelán.

Escribindo en galego xa non é o mesmo. Quén queira faguer literatura galega ten que sacala do seu miolo. En galego hay moito que faguer e pouco que roubar. Por iso ti non escribes en galego.

Eu quixera que ti escribises unha soya ves en galego, pondo na proba tod'o talento que tes. E ollarias como sería ruin a tua literatura galega. Ista proba ha sere pra que medites, dispois, se hay algunha orixinalidade na tua literatura castelán e notarás arrepiado que de certo non és literato, que o que de certo és é ladrón, falsificador ou fabricante de literatura. Fai a proba e veral-o.

Se verdadeiramente foses literato poderías amostrarnos a tua orixinalidade galega mellor q' en castelán, porque non é probábel que o teu xenio coincidise co d'algún dos contados escritores galegos; mais en troques poderías ter a desgracia de coincidir con algúns casteláns que che pillarón a dianteira. O idioma galego, q' é vivo porque o fala o pobo, ofrécete ós homes de verdadeiro talento unhas riquezas que xa non ten o castelán; pero pide un esforzo que ti non podes faguer.

Un home verdadeiramente artista, que non pense no rendimento económico do seu traballo, escollería o galego pra ter estatua dispois de morto. Ti és rico e vanidoso e non escribes en galego pra amostrares a tua falla de talento. Escribes en castelán porque non tes talento.

O devandito vai pranteado no terreo en que ti podes enxerguer, pois as razóns d'escribir en galego son outras.

E dígoche todo iso eu, porque son dibuxante e non literato.

Que te regalas cos loureiros e xa sabes que a min... ¡plim!

CASTELAO

O inri da políteca hespañola

Nós, desde estas columnas e tamén desde a tribuna pública, temos falado moitas veces do vergoñoso que resulta que sigan sendo aqués mesmos que levaron a Hespaña ó desastre quenes continúen sostendo nas máns o goberno ou desgoberno do país. En ningures dóuse endexamais un caso somellante. Non hai ningún Estado no mundo onde socedera o que aquí socede. Foi a política da Restauración, a política noxenta do turno, a que trouxo a Hespaña ó xeito de fonda desfeita en que se hacha. E cando surdia a esperanza n'algús peitos de que as cousas trocaran o vello rumbo, el Rei dalle a Dato o decreto de disolución de Cortes, sin xiquer consultare

MONDARIZ



CASTELAO
1920



Foi que n-unha noite moura os do lugar, armados ladrós, roubaron o tesouro d' un sonado mosteiro.


Agardand' o intre do reparto da riqueza o capitán enterrouna en sitio segredo; mais ó seguinte día o capitán apareceu morto no seu leito e nunca máis se soupo do tesouro.

Dend' aquela todas foron desgracias. Morrían as xugadas, merábanse os froitos da terra, morrían entangarañados os rapaces, secábanse as fontes... Pra escorrental-o mal fado ergueron cruceiros aeito. No remate sóupose todo e aínda oxe o lugar está illado das xentes de ben.

CASTELAO



A RODA DE SAN XOAN
POR *Castelao*



*Na mesa de pedra qu' está arrentes do cruceiro
pousaron onte, pra botarlle o responsó, o corpo
morto d' un rapaz que veu do servício.*

*Na mesma mesa seutouse, oxe pol-a tardiña,
un estudante de crego, pra cabilar na moza do
pano roxo que lle roubou a vocación.*

*A lua está pendurada da ponla d' un pino e ó
lonxe cantan un alalá cheo de saudade.*

CASTELAO



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE "NÓS,"


Ano III

Ourense 20 de Abril 1922

Núm. 10

DO MEU DIARIO

Dend' o mes de Xaneiro ó mes de San Xoan, en París



Decididamente eu son nemi-
go das cibdades. Istes *Fradi-
ques Mendes* e istas mulleres
de beizos pintados, que fin-
xen o pracer e non-o sinten
—coma dixo Quevedo—dan-
me fonda tristura. ¡París!
Haivos no meu Hotel unha

gata que and' á xaneira; pero eu coido que o
finxe.

As pedras de París non teñen tona com' as da
miña Terra; as nosas Eirexas e Catedraes están
cobertas por unha pelexa tan rica com' as pe-
dras mesmas. Iste *cuño do tempo* non s' atopa en
París, anque a y-auga decote deit' á fío dend' un
ceo borrallento. A choiva en París serve pra
laval-as pedras, deixando n-elas os regos da
ferruxe. Os edificios de París non teñen *tempo*
e tanto poden ser verdadeiros coma falsificados.

Diante das 3.632 obras que compoñen o *Salon
des Artistes independants* os meus miolos quedá-
ronme com' as papas. Teño moito respecto pol-as
 cousas que non entendo e ademáis, non quixera
facer coma isas señoras que odian as modas e
que sempre visten á moda que acaba de pasar;
per' o esforzo da miña boa vountade non me
sirveu de nada e os meus ollos saíron menos
cansos qu' a miñ' atención. Cicais os artistas que
fan cousas *pour épater le bourgeois* atopen, sen

buscal-os, novos camiños pr' o Arte e iso abonda
pra seren meritorios os seus traballos, anque os
seus corpos sobrevivan ós seus éisitos. Diante
d' unha *tolería* eu non me río por desprecio e si
o fago será porque a condenada faime cóchegas.
O que non pudo ademitil-a miña sensibilidade
artística foron os asuntos parvos e os encoiros
noxentos da pintura *passéiste*. Un d' istes cadros
que non podo describir por respecto ós leutores,
representa unha muller encoira e noxenta aínda
para estampar n' un tratado de Tocoloxía; can-
do lín o título de *La femme enceinte* non pu-
den reprimir ista frase:—Velahi o retrato da nai do
autor.

N-iste Salón trunf' a côr por riba de todo;
pero... ¿a côr non é un elemento femia?

Todal-as *novas* tendencias están alí repre-
sentadas, dend' o *futurismo* deic' o... *dadaismo*.
Un cadro *futurista* de Henry Valensi, *Expression
de l' auto sur la route*, é intresante: unha paisaxe
moi engadellada nos primeiros términos deixan-
do entrever os radios d' unha circunferencia que
ten o seu centro n-un punto do hourizonte; as
liñas-forzas, de que falou Boccioni, están repre-
sentadas por ises radios que nos donan a sensa-
ción dos sulcos do arado perpendiculares ó ca-
miño por onde corremos e que, e' un pouco de
imaxinación, fannos viaxar en auto.

«Se os nosos cadros son futuristas é porque
son o resultado de concepcions éticas, políticas

penetrar das sinxelas ensinanzas da moderna ciencia política. É necesario ensinar ás xentes que nin individuos, nin grupos, nin nacións poden vivir aislados, prescindindo de toda relación entre si; facéndose pol-o tanto indispensable a acatación por todos d'un regra xurídica o suficiente forte y-equitativa pra que podan resolverse asegún ela os incidentes que podan surxir, sin que éstos cheguen a ter forza pra entorpecer ou paralizar a marcha do Estado.

Pero solo cando a educación do pobo chegue a despertar a súa conciencia colectiva, poderase redautar a nova constitución e inaugurar a nova era. Do vigor e da forza das nacionalidades e dos sindicatos, do conceito que teñan da súa persoalidade, e dos deberes que lle impoñen a solidariedade e a liberdade humans, depende cicáis o prósimo porvir dos pobos.

JULIO A. CUEVILLAS

Mayo 1922.

CUBISMO



A verba *cubismo* saíu por primeira vez dos beizos d'un membro do xurado no «Salon des Indépendants» do ano 1908, ollando un cadro de Braque.—«*Encore de cubes! assez de cubisme!*», dix' o membro do xurado, moqueándose

da obra de Braque. A verba foi apañada por un periodista e logo espallada pol-o mundo gracias a Guillaume Apollinaire e ó pintor Henri Matisse. Se a verba data do 1908, o que se chama *cubismo* apareceu antre 1906 e 1907, e foi con obras de Braque e de Picasso⁽¹⁾. Logo apareceron Auguste Herbin, Fernand Léger, Jean Metzinger, Juan Gris, o escultor Henri Laurens, Le Fauconnier, Delaunay, Gleizes, L'Hote, etc.

Compre que digamos algo de Braque e de Picasso, por seren os pais do cubismo e xa porque a teoría apareceu despois da obra.

George Braque⁽²⁾

O milagre eisixido por Benedetto Croce, foi, pol-o visto, súpetamente realizado na obra de Braque, na que a inspiración e a eispresión non son máis que unha soya forma de todo acontecemento sensibel.

«E' certo que a pintura, coma total-as artes plásticas, non ten un fondo propio que a distinga intrínsecamente da poesía»; mais é preciso que denantes de ollar n-un pintor as súas calidades de poeta, músico, etc., ollemos as súas calidades de pintor, pois como di Maurice Denis (que non é cubista): «Compre que denantes de sere un cabalo, unha muller en coira, ou unha anécdota calquera, un cadro sexa esencialmente unha superficie chan recuberta de cores n-un certo orden arranxados». Ademáis, «donar un fin ó arte é sometelo á proba do gosto universal, e velahí como xurde a vulgaridade dos medeos empregados». A obra de Braque é un *ouxeto* creado pol-a forza da emoción que lle dou nacemento, é o froito d'unha emoción creada sin *ouxeto* nin fin, nin vountade de facela, é, ó mesmo tempo, un fenómeno que non se relaciona con nada máis que co' a súa propia sensibilidade. Com' un frade pechado na súa celda crea con amor as súas obras pr' a meirande gloria da súa sensibilidade, podendo decir que n-il a inspiración e a eispresión son simultáneas. Posibel é que na obra de Braque aparezan o ambiente, a hora, a raza; mais será coma un neno que con semellanzas maternas e paternas garda unha fisonomía de seu, constituíndo un terceiro *ouxeto*.

Tamén as verbas teñen unha fisonomía de seu, anque non sexan máis que partes do linguaxe; mais as verbas teñen unha eistencia especial «nol-as fai gorentar como emanacións visibles das necesidades que as causaron». As verbas son *ouxetos* que se poden engader a outros sen perdel-a súa fisonomía nin o seu orixen propio. Unha obra de Braque é coma unha verba.

(1) *Cubisme et Tradition*, par Leonce Rosenberg.—Paris, 1920.

(2) *Braque*, par Maurice Rainal.—Edicions de *Valori plastici*.—Roma.